



# O sufixo diminutivo -ŌLA na toponimia galega

---

## Diminutive suffix -ŌLA in Galician place names

Carolina PÉREZ CAPELO<sup>1</sup>

**RESUMO:** O sufixo diminutivo latino -ŌLA, improdutivo no romance galego desde época ben temperá, aparece hoxe cristalizado nun interesante grupo de topónimos galegos coma *Pereiroa*, *Pereiroá*, *Pereirúa* ou *Pereiró*. Neste traballo pretendemos estudar o citado sufixo na toponimia de Galicia, centrando a nosa atención tanto na súa evolución formal coma no seu significado. Así, na primeira parte aproximámonos ás principais solucións sincrónicas que a terminación presenta nos nomes de lugar e describiremos a súa distribución dialectal ao longo do territorio. O mapa que os topónimos nos permiten debuxar correspóndese cun estadio dialectal pretérito, sen correspondencias no léxico común. No segundo apartado centraremos a nosa atención no plano do contido e trataremos de sinalar os valores significativos de -ŌLA presentes nos topónimos estudados. Distinguimos entre topónimos derivados dun apelativo común, en que o sufixo presenta o valor de ‘minoración obxectiva’ e topónimos derivados doutras formas toponímicas preexistentes, en que -ŌLA expresa unha relación de dependencia entre os lugares nomeados polo topónimo base e o derivado.

**PALAVRAS-CHAVE:** Toponimia galega. Sufixación diminutiva. Dialectoloxía.

**ABSTRACT:** The Latin diminutive suffix -ŌLA, unproductive in Galician language from a very early age, appears crystallized today in an interesting group of Galician place names like *Pereiroa*, *Pereiroá*, *Pereirúa* or *Pereiró*. In this paper we intend to study that suffix in the place name of Galicia, focusing our attention on its formal evolution and its meaning. In the first part, we will approach the main synchronous solutions that the termination presents in place names and will describe its dialectal distribution throughout the territory. The map that place-names allow us to draw corresponds to a past dialectal stage, without correspondence in the common lexical. In the second section, we will focus our attention on the meaning and we will indicate the values of -ŌLA presents in the place names studied. We distinguish between place names derived from a common name, where the suffix present the value of 'objective minoration' and place names derived from other preexisting toponymic forms, where -ŌLA express a relationship of dependence between the places named by the base placeholder and the derivative.

**KEYWORDS:** Galician place names. Diminutive suffixation. Dialectology.

## Introdución

O sufixo diminutivo latino -ŌLU / -ŌLA, variante tardía da forma clásica -ŪLU / -ŪLA (PHARIES, 2002, p. 517; DEBOWIAK, 2014, p. 49), deixou de ser produtivo no romance galego desde época ben temperá. A síncope da consoante lateral intervocálica foi a causa principal da desaparición do valor sufixal de -ŌLU / -ŌLA, pois tal como apunta Alonso Núñez (2004, p. 13), «o segmento *o* non podía consolidarse en galego para expresar ‘diminución’, xa

---

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela – USC. Instituto de Lingua Galega. Santiago de Compostela – España – 15782. E-mail: carolina.perez.capele@usc.es



que soportaba outros valores, especialmente o significado ‘xénero masculino’». Con todo, malia se perder moi cedo a súa significación diminutiva, o sufixo latino ficou cristalizado nunha pequena mancha de voces do léxico común (*avoa* < AVIŌLA, *filloa* < FOLIŌLA...) e tamén nun bo monllo de formas toponímicas coma *Pereiroa*, *Pereiroá*, *Pereirúa* e *Pereiró*. O obxectivo deste traballo é precisamente achegarnos aos topónimos galegos que presentan a forma feminina -ŌLA petrificada na súa terminación. A nosa atención focalizarase en primeiro lugar no plano do significante, isto é, na análise dos diferentes resultados formais da evolución do sufixo na toponimia galega. Na segunda parte do artigo centrarémonos no plano do contido, tratando de determinar os valores significativos de -ŌLA nos topónimos estudados.

Para fixar o corpus obxecto do noso estudo partimos da toponimia maior oficial recollida no *Nomenclátor de Galicia*, que recolle a toponimia maior oficial: nomes de concellos, parroquias e lugares (en total, 41409 topónimos). Os datos do *Nomenclátor* foron peneirados tendo en conta a orixe etimolóxica das denominacións, comprobando en cada caso que a terminación actual deriva do sufixo diminutivo -ŌLA. Os topónimos estudados e a súa orixe etimolóxica aparecen recollidos nos Anexos 1 e 2 do traballo.

### Os resultados diverxentes do sufixo -ŌLA e a súa distribución dialectal na toponimia galega

A diverxente evolución formal do sufixo latino -ŌLA no romance galego deu lugar a catro solucións sincrónicas diferentes: -ŌLA > -*oa*, -*oá*, -*úa* e -*ó*. Estes resultados consérvanse hoxe na toponimia de Galicia e presentan unha distribución dialectal clara (Mapa 1). Comentaremos deseguido as mudanzas que operaron nas diferentes terminacións e o espazo que cada unha delas ocupa no territorio:

a. A solución en -*oa* (*Ferreiroa*, *Figueiroa*, *Pereiroa*... con pronuncia [ˈɔa]) resulta da síncope de -L- intervocálico e o mantemento sen alteracións das dúas vogais que formaron hiato após a desaparición da lateral. É a terminación maioritaria: rexístrase en 92 topónimos do corpus e xeograficamente ocupa toda a provincia da Coruña, a metade occidental de Lugo, o interior de Pontevedra e o noroeste ourensán.

b. A solución en -*ó*, rexistrada en 22 topónimos do corpus (*Figueiró*, *Nogueiró*, *Pereiró*... con pronuncia [ˈɔ]), explícase desde a gramática histórica como o resultado da asimilación e posterior coalescencia das dúas vogais que forman hiato: -ŌLA > [ˈɔa] > [ˈɔɔ] > [ɔ]. Esténdese ao longo de toda a costa pontevedresa, desde a península do Barbanza (aínda no extremo sur da Coruña) até o Baixo Miño e rexístrase tamén por toda a franxa sur do interior da provincia de Pontevedra e na área máis ao suroeste de Ourense. Esta solución constitúe ademais o resultado xeral de -ŌLA no territorio portugués, tanto na toponimia (*Pereiró* e *Nogueiró* no distrito de Braga; *Figueiró dos Vinhos* en Leiria; *Coimbró* en Vila Real...) coma no léxico común (*avó*, *corrijó*, *filhó*...) (DEBOWIAK, 2013).

Tal e como apuntou G. Navaza (2006, p. 271), a partir desta forma -*ó* puido xerarse en ocasións unha nasal posnuclear non etimolóxica que sexa quizais a que se rexistra en topónimos espallados pola zona de terminación [ɔ] coma *A Costa de Figueirón* (Beluso, Bueu, Pontevedra), *Gandarón* (Lavadores, Vigo, Pontevedra) ou *Piñeirón* (Leiro, Ribadumia, Pontevedra).



c. A solución *-oá*, presente en 43 topónimos do corpus (*Bouzoá, Figueiroá, Pereiroá...*) rexístrase principalmente na provincia de Ourense (agás na súa zona máis occidental, onde, como anteriormente indicamos, encontramos *-oa* ao norte e *-ó* ao sur) e pola metade sur da provincia de Lugo. É, xa que logo, o resultado característico da denominada área lucu-auriense (FERNÁNDEZ REI, 1990, p. 132-137).

Tal e como sinalou R. Álvarez (2007, p. 50-54), os lugares que levan estes nomes en *-oá* concéntranse maioritariamente nas dúas bandas do Miño. Lonxe de actuar como linde natural, o curso do río acentuou o vínculo social entre as localidades de ambas as súas beiras, un vínculo que se manifesta asemade no falar da veciñanza destes lugares. Así, alén da terminación *-oá* na toponimia, outros trazos dialectais característicos da área lucu-auriense e compartidos nas dúas ribeiras do Miño son o paradigma de demostrativos masculinos *iste, ise, aquil* ou os pronomes de suxeito *il e tu*.

Para explicar o desprazamento acentual que se observa nestas formas subscribimos a hipótese apuntada por R. Álvarez:


Moi probablemente o hiato *-oa* (coa primeira vogal tónica ou átona, a segunda sempre átona) pechou o primeiro elemento e tendeu a unha pronuncia como ditongo, que ou non chegou a callar ou recuou, pero en todo caso deixou como pegada o desprazamento do acento cara á segunda vogal: [<sup>h</sup>ɔa] > [<sup>h</sup>ɔa] ~ [<sup>h</sup>wa] > [o<sup>h</sup>a], [u<sup>h</sup>a] (R. ÁLVAREZ, 2007, p. 50).

Cómpre aínda sinalar que, a carón deste resultado, é probable tamén que a terminación *-uá* de topónimos localizados na zona periférica da área de *-oá* coma *Mouruás* (en San Xoán de Río, Ourense) ou *Paraxuá* (Samos, Lugo) teña tamén a súa orixe no sufixo *-ŎLA*. Neles, amais do desprazamento acentual, produciríase o peche da vogal ao pasar a ocupar a posición átona. Estes topónimos rematados en *-uá* sitúanse nunha franxa comprendida entre os rematados en *-oá* e os que presentan *-úa* na terminación.

d. Por último, a solución *-úa* rexistrada en 10 topónimos do corpus (*Folgueirúa, Eirexúa, Pereirúa...*) localízase fundamentalmente nunha área compacta do nordeste lucense (concellos de Riotorto, A Pontenova, A Fonsagrada e Navia de Suarna) e é tamén a forma característica dos concellos asturianos galegófonos. Esta forma *-úa* explícase como resultado dunha disimilación vocálica entre as dúas vogais que forman hiato logo da caída de *-L-*: *-ŎLA* > [<sup>h</sup>ɔa] > [<sup>h</sup>ɔa] > [<sup>h</sup>ua].



Figura 1: Resultados de -ŌLA na toponimia galega



Fonte: Elaboración da autora

O mapa dialectal que os datos toponímicos nos permiten esbozar non presenta correspondencias hoxe en día no léxico común. Na toponimia, máis resistente perante as mudanzas lingüísticas, conservamos catro terminacións, mentres que na fala viva do territorio tan só se manteñen dúas: *-oa* (*avoa, filloa*) e *-ó* (*avó, filló*) (ALGa III, 1999, p. 125). Porén, a área de *-ó* presenta unha extensión máis reducida que a que observamos no mapa de topónimos; a súa isoglosa vai desprazándose e perdendo territorio fronte a *-oa*. No que atange a *-úa* e *-oá*, practicamente non se rexistran na lingua común, salvo en moi contadas voces coma *teiroá, grañoá, lenzoá* ou *aixoá* (todas elas na zona oriental do territorio; TLPGP). O espazo destas terminacións é ocupado no léxico común pola solución maioritaria *-oa* ou, noutras palabras, o resultado *-oa* substituíu a *-oá* e *-úa*. Os topónimos estudados resultan, pois, de grande interese para a xeografía lingüística xa que nos permiten debuxar un mapa dialectal pasado que se correspondería cun estadio pretérito da lingua galega.

### O significado do sufixo diminutivo -ŌLA na toponimia

Para achegármonos ao significado do sufixo diminutivo -ŌLA nos topónimos estudados cómpre partir dunha primeira distinción entre:



a. Nomes de lugar en que o sufixo diminutivo foi engadido a un apelativo do léxico común transformado posteriormente en topónimo.

b. Nomes de lugar en que o sufixo diminutivo foi engadido a unha forma toponímica preexistente.

De acordo con Gordón Peral (2002, p. 1506), unha característica que distingue de xeito preciso os dous grupos é o feito de que no segundo se verifica a coexistencia nunha mesma área de dúas variantes (sufixada e insufixada) dun mesmo nome, constituíndose así unha parella de formas opostas pola presenza / ausencia do sufixo diminutivo. No entanto, cómpre ter en conta que nalgúns casos puido desaparecer o topónimo que serviu de base e conservarse tan só o membro diminutivo da parella. No corpus estudado achamos un exemplo deste tipo no topónimo *Cabreiroá*, nome dunha freguesía do municipio de Verín (Ourense). Desde o punto de vista sincrónico, *Cabreiroá* parece pertencer ao primeiro dos grupos indicados, posto que hoxe en día non se rexistra na contorna do lugar a correspondente forma toponímica insufixada *Cabreira*. Porén, nun documento de c. 1194 faise referencia á *ecclesiam de Cabreiroa que est in termino de Capraria* (CODOLGA). É probable, xa que logo, que a denominación *Cabreiroá* derive realmente dese extinto topónimo *Capraria*.

Dos 167 nomes que estudamos neste traballo, 27 deles (o 16%) poden ser incluídos no segundo dos grupos sinalados, é dicir, creáronse moi probablemente a partir da adición do sufixo -ŌLA a outro topónimo que nomea unha localidade relativamente achegada. Nos restantes 140 casos (o 84%), o proceso derivativo ocorreu nun apelativo do léxico común posteriormente convertido en nome propio. É posible que a través dun exame máis demorado das fontes medievais poidamos descubrir algúns outros casos coma o de *Cabreiroá*, incrementándose así a nómina de topónimos baseados noutros topónimos. Con todo, a través desta primeira aproximación, resulta evidente que os nomes de lugar con -ŌLA creados a partir de bases onomásticas presentan unha frecuencia ben menor ca os derivados de apelativos. Dentro destes últimos, é salientable o alto número de fitotopónimos rexistrados (63 en total, 0 38% dos topónimos do corpus): *Cerdeiroa* ← *cerdeira*, *Figueirúa* ← *figueira*, *Pereiró* ← *pereira*, *Salgueiroas* ← *salgueira*, *Piñeiroá* ← *piñeira*, *Viñó* ← *viña*, etc.

Seguindo a M. Trapero (2000, p. 227), que estudou o valor dos sufixos diminutivos na toponimia canaria, no primeiro grupo de topónimos que contemplamos (os creados a partir de apelativos comúns) o sufixo -ŌLA especifica o concepto expresado polo apelativo base mediante o sentido de ‘minoración obxectiva’. Así pois, o significado orixinal de *Eirexúa* sería o de ‘igrexia pequena’; o de *Bouzoá*, ‘bouza pequena’; o de *Gandaroa* ‘gándara pequena’; o de *Figueiró*, ‘figueira pequena’... Na opinión do citado estudoso, os valores subxectivos (afecto, agarimo, menosprezo...) que na lingua común adoitan presentar os sufixos diminutivos non poden ser aplicables aos nomes de lugar:

No caben outros valores en el diminutivo de la toponimia, dado que su objeto único es el de la “referencia objetiva”; nunca en la toponimia podría existir, por ejemplo, un diminutivo cuyo valor fuera el de menosprecio o burla, porque entonces el topónimo nombraría por lo que no hay en la realidad, contraviniendo el principio de la “motivación objetiva” (...), esto es, el que cada topónimo sea una “descripción abreviada” de la realidad a la que nombra. (TRAPERO, 2000, p. 227).





No que atangue ao segundo grupo de topónimos con -ÖLA (os derivados dunha forma toponímica preexistente), o feito de acudir, á hora de bautizar un lugar, a outro topónimo xa existente en lugar de se crear outro nome totalmente novo e independente, ten a súa xustificación nun estreito vínculo entre os seus dous referentes, isto é, entre os dous lugares nomeados. Trátase dunha relación histórica, extralingüística, mais que presenta unha repercusión lingüística directa (Gordón PERAL, 2002, p. 1507). Atendendo á relación extralingüística sincrónica que se dá entre os referentes dos topónimos estudados podemos clasificalos en tres subgrupos (o número que acompaña ás denominacións correspóndese co que presentan na listaxe incluída no *Anexo 2* deste traballo):

a) O topónimo derivado con -ÖLA e o topónimo base designan dous lugares dunha mesma parroquia ou dúas parroquias dun mesmo municipio. Un exemplo ilustrativo deste grupo témolo na parella *Embernallúas* (37) - *Embernallas*: a aldea de Embernallúas localízase a uns catro quilómetros e medio da de Embernallas, ambas situadas no municipio lucense de Navia de Suarna, na parroquia de Muñís. Similares son os casos de *Montañó* (112) - *Montaña* (dous lugares da parroquia de Lampón, Boiro, A Coruña); *A Ribeiroa* (149) - *A Ribeira* (lugares de Barallobre, Fene, A Coruña) ou *Olveiroa* e *Olveira* (neste caso, dúas parroquias contiguas do municipio coruñés de Dumbría).

b) O topónimo derivado con -ÖLA designa un lugar pertencente á parroquia designada a través do topónimo base. Un exemplo ilustrador é o dos topónimos *Nogueiró de Arriba* (123) e *Nogueiró de Abaixo* (124), denominacións de senllos lugares localizados na freguesía de San Tomé de Nogueira, no concello pontevedrés de Meis. Do mesmo xeito, o lugar de *Negreiroa* (114) pertence á parroquia de Negreira (A Coruña) e o de *Xunqueiroá* (167) á de Xunqueira de Ambía (Ourense).

c) O topónimo derivado con -ÖLA designa un lugar e o topónimo base designa unha parroquia próxima a ese lugar. Neste último grupo situamos, por exemplo, os topónimos *Basadroa* (14) e *Basadre*: *Basadre* é o nome dunha freguesía do municipio pontevedrés de Agolada, contigua á parroquia de Eidián, onde se sitúa o lugar de Basadroa. Outros casos similares son os dos topónimos *As Abeleiroas* (1) (lugar da parroquia de Corzón, Mazaricos, A Coruña) e *Abeleiras* (nome dunha freguesía próxima ás Abeleiroas); *Ferreiroá* (44) (lugar situado nos lindes da parroquia de Eiré coa freguesía veciña de Ferreira de Pantón, ambas no municipio lucense de Pantón); *Filgueiroa* (79) (aldea da freguesía de Donramiro, localizada na estrema coa parroquia de Filgueira, ambas as dúas localizadas no concello pontevedrés de Lalín) ou *Morañó* (113) (lugar situado na freguesía do Campo do municipio pontevedrés de Campo Lameiro, situado a catro quilómetros de distancia da parroquia de Moraña).

Non resulta doado establecer con precisión o valor orixinal do sufixo diminutivo destas denominacións xa que para isto cumpriría coñecer con exactitude as condicións históricas da fundación e bautizo destes lugares. Está claro, no entanto, que -ÖLA reflicte algún tipo de vínculo entre estas parellas de lugares. Pode tratarse dunha relación administrativa, isto é, o lugar co topónimo sufixado pertence e depende do núcleo coa denominación sen sufixar. Outra posibilidade é que se trate de casos de “toponimia transportada” (Terrado 1999: 90, 91): o nome con -ÖLA sería o dunha poboación fundada por unha parte dos habitantes procedentes da localidade que leva o nome non sufixado.

Finalmente, cómpre aínda facer referencia a outro monllo de topónimos do corpus que presentan unha base onomástica, mais neste caso hidronímica. Referímonos ás formas *Loñoá*



(108, 109), *Tixoa* (153) e *Ulloa* (154, 155, 156, 157, 158). Nestes nomes, o sufixo -ŎLA soldouse a un hidrónimo preexistente (*Loña*, *Toxa* e *Ulla* respectivamente) para designar as terras que eses ríos atravesan no seu curso alto, cando o seu caudal aínda é pouco abundante.

## REFERÊNCIAS

ALGa III = GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (coord.) *Atlas Lingüístico Galego. Volume III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, 1999.

ALONSO NÚÑEZ, A. Aproximación á sufixación diminutiva non verbal a través dun corpus textual medieval. In: ÁLVAREZ, R.; SANTAMARINA, A. (eds.), *(Dis)cursos da escrita: estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2004, p. 9-34.

ÁLVAREZ, R. AYROA, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algúns procesos de cambio lingüístico testemuñados en apuntamentos onomásticos de Matín Sarmiento. In: MÉNDEZ, L.; NAVAZA, G. (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica «Frei Martín Sarmiento» (Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002)*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, p. 49-67.

ARES VÁZQUEZ, N. *Estudios de toponimia galega*. Tomo I. A Coruña: Real Academia Galega, 2011.

ARES VÁZQUEZ, N. *Estudios de toponimia galega*. Tomo II. A Coruña: Real Academia Galega, 2013.

ARES VÁZQUEZ, N. Toponimia do concello de Agolada. *Lucensia*, Lugo, n. 45, p. 291-316, 2012b.

BASCUAS LÓPEZ, E. *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*, anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002.

BASCUAS LÓPEZ, E. *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 2006.

CABEZA QUILES, F. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia: Toxosoutos, 2000.

CABEZA QUILES, F. *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia, 2008.

CODOLGA = LÓPEZ PEREIRA, X.E. (dir.) *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en: <<http://corpus.cirp.es/codolga/>>. Acceso en 31 set. 2017.

CONCEPCIÓN SUÁREZ, J. *Diccionario toponímico de la montaña asturiana*. Oviedo: KKR Ediciones, 2001.



DCECH = COROMINAS, J.; PASCUAL, J.A. *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols. Madrid: Gredos, 1980-1991.

DEBOWIAK, P. *La formation diminutive dans les langues romanes*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 2014.

DEBOWIAK, P. Nota de morfologia histórica do português: sufixo \*-ó, *Diacrítica*, Universidade do Minho, vol. 27, n.1, p. 131-152, 2013.

DIÉGUEZ GONÇÁLEZ, J. *Toponímia galega na escrita notarial medieval, derivados com o sufixo -olu, -ola*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002.

GORDÓN PERAL, M.D. Sobre la significación del diminutivo en toponimia. In: Echenique Elizondo, M.T.; Sánchez Méndez, J. (eds.), *Actas del V Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española (Valencia 31 de enero - 4 de febrero de 2000)*. Madrid: Gredos, 2002, p. 1506-1517.

KRÜGER, F. Cosas y palabras del Noroeste Ibérico, *Nueva Revista de Filología Hispánica*, Ciudad de México, ano IV, n. 3, p. 231-253, 1950.

MARQUÉS VALEA, X. *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004.

MARTÍNEZ LEMA, P. *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2010.

MORALEJO ÁLVAREZ, J. J. Toponimia de las vías romanas de Galicia, *Palaeohispanica*, Zaragoza, n. 9, p. 189-202, 2009.

MORALEJO ÁLVAREZ, J. J. Topónimos galaicos con final -oño. In: LUJÁN E. R.; GARCÍA ALONSO, J. L. (eds.): *A Greek Man in the Iberian Street. Papers in Linguistics and Epigraphy in Honour of Javier de Hoz*. Innsbruck: Innsbrucker Beiträge zur Sprachwissenschaft, 2011. p. 257-267.

MORALEJO LASSO, A. *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro, 1977.

NAVAZA BLANCO, G. *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006.

PALACIO SÁNCHEZ, A. *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Tese de doutoramento inédita), 1981.

PHARIES, D. A. *Diccionario etimológico de los sufijos españoles; y de otros elementos finales*. Madrid: Gredos, 2002.





PIEL, J. M. As águas na toponímia galego-portuguesa. *Boletim de Filologia*, Lisboa, T. VIII, p. 305-342, 1945.

PIEL, J. M. *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1989.

PIEL, J. M. Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada. In *Studia philologica: homenaje ofrecido a Dámaso Alonso por sus amigos y discipulos con ocasión de su 60º aniversario*. Tomo II. Madrid: Gredos, 1961, p. 599-608.

PIEL, J. M. Über Tiernamen in der hispanischen, insbesondere portugiesischen Toponomastik II. *Portugiesische Forschungen der Görresgesellschaft*, Münster, n. 7, 1967, p. 195-209.

RIVAS QUINTAS, E. *Lingua galega, nivéis primitivos*. Santiago de Compostela: Laivento, 1994.

RIVAS QUINTAS, E. *Toponimia de Marín*, anexo 18 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1982.

SANTAMARINA FERNÁNDEZ, A. A pegada relixiosa na toponimia galega, 1. Edificios relixiosos. In: AXEITOS, X. L.; GRANDÍO SEOANE, E.; VILLARES, R. (eds.), *A Patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 2008, p. 935-94.

TERRADO PABLO, J. *Metodología de la investigación en toponimia*. Zaragoza: INO Reproducciones, 1999.

TLGP = ÁLVAREZ, R. (coord.) *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da lingua galega. Disponible en: <<http://ilg.usc.es/Tesouro>>. Acceso en 31 set. 2017.

TRAPERO, M. La morfología derivativa como procedimiento de creación léxica: su especial importancia en la toponimia de Canarias (I): Diminutivos y aumentativos. In: CORRALES

ZUMBADO, C.; CORBELLA, D. (dirs.), *Estudios de dialectología dedicados a Manuel Alvar: con motivo del XL aniversario de El español hablado en Tenerife*. La Laguna: Instituto de Estudios Canarios, 2000, p. 207-236.

XUNTA DE GALICIA, *Nomenclátor de Galicia: toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003.



## ANEXO 1: Orixe etimolóxica das formas toponímicas estudadas

*Abeleiroas* <sup>(1)</sup> ← top. *Abeleiras* (Mazaricos, A Coruña) [+ -ÖLAS] < ABELLĀNĀRĪĀS ← ABELLĀNA (Navaza 2006: 22, 28).

*Abelleiroá* <sup>(2)</sup> < \*APĪCŪLĀRĪŌLA ← APĪCŪLĀRĪĀ ← APĪCŪLA ← APIS (Cabeza Quiles 2008: 159).

*Airoa* <sup>(3-6)</sup> / *Airoá* <sup>(7-12)</sup> / *Eiroa(s)* <sup>(31-34)</sup> / *Eiroás* <sup>(35)</sup> / *Eiró(s)* <sup>(30, 36)</sup> < \*ARĒŌLA(S) ← ĀRĒĀ (Moralejo Lasso 1977: 118, 306; Palacio 1981: 636; Rivas 1982: 272).

*Basadroa* <sup>(14)</sup> ← top. *Basadre* (Agolada, Pontevedra) [+ -ÖLA] (Ares 2012: 296, 303; Bascuas 2002: 184).

*Bouzoa* <sup>(15-18)</sup> / *Bouzoá* <sup>(19)</sup> ← *bouza* [+ -ÖLA] < ¿\*BALTĒA? / ¿\*BUSTIARE? / ¿\*BAUTTIA? (Krüger 1950: 241-244; Marqués Valea 2004: 694-696; Navaza 2006: 94-95, 100-101; Piel 1989: 84).

*Cabreiroá* <sup>(20, 21)</sup> ← ¿top. *Capraria*? [+ -ÖLA] < CAPRĀRĪĀ ← CAPRA (Palacio 1981: 376; Piel 1967: 199).

*Carballoa* <sup>(22)</sup> < \*CARBALĪŌLA ← \*CARBALĪĀ ← prelat. CARBA (Navaza 2006: 155).

*Carreiroa* <sup>(23)</sup> / *Carreiroá(s)* <sup>(24, 25)</sup> < \*CARRĀRĪŌLA ← CARRĀRĪĀ ← CARRU (Marqués Valea 2004: 924; Palacio 1981: 570).

*Castiñeiroa* <sup>(26)</sup> < \*CASTANĒĀRĪŌLA ← \*(ARBŌRE) CASTANĒĀRĪĀ ← CASTANĒĀ (Navaza 2006: 182-189; Palacio 1981: 243-244).

*Cerdeiroa* <sup>(27)</sup> < \*CERĒSĀRĪŌLA ← \*(ARBŌRE) CERĒSĀRĪĀ ← CERĒŠĪĀ (Navaza 2006: 203-206).

*Coiroa* <sup>(28)</sup> < \*KAURĪŌLA ← prelat. \*KAURĪĀ ← \*KAUR- (Martínez Lema 2010: 144-146).

*Eirexúa* <sup>(29)</sup> / *Grixoa* <sup>(90-97)</sup> / *Grixoá* <sup>(98)</sup> / *Grixó* <sup>(85-89)</sup> / *Irixoa* <sup>(101-104)</sup> < ECCLĒŠĪŌLA ← ECCLĒŠĪĀ (Moralejo Lasso 1977: 296, 297; Santamarina 2008: 942).

*Embernallúas* <sup>(37)</sup> ← top. *Embernallas* (Navia de Suarna, Lugo) [+ -ÖLAS] < \*HĪBĒRNĀLĪĀS (Ares 2011: 78; Concepción Suárez 2001: 374-375).

*Ferreiroa(s)* <sup>(38-43)</sup> / *Ferreiroá* <sup>(45)</sup> / *Ferreirúa(s)* <sup>(46-49)</sup> < FĒRRĀRĪŌLA ← FĒRRĀRĪĀ ← FĒRRU (Cabeza Quiles 2000: 147; Moralejo Lasso 1977: 283, 309, 323; Palacio 1981: 549-550; Piel 1961: 603).

*Ferreiroá* <sup>(44)</sup> ← top. *Ferreira de Pantón* (Pantón, Lugo) [+ -ÖLA] < FĒRRĀRĪĀ ← FĒRRU.

*Figueiroa* <sup>(52-74)</sup> / *Figueiroá* <sup>(75, 76)</sup> / *Figueiró(s)* <sup>(50, 51, 77)</sup> / *Figueirúa* <sup>(78)</sup> < FĪCĀRĪŌLA ← FĪCĀRĪĀ ← FĪCU (Marqués Valea 2004: 387; Palacio 1981: 255; Navaza 2006: 268-271).

*Filgueiroa* <sup>(79)</sup> ← top. *Filgueira* (Lalín, Pontevedra) [+ -ÖLA] < FĪLĪCĀRĪĀ ← FĪLĪX, -ĪCIS.

*Folgueiroa* <sup>(80)</sup> / *Folgueirúa* <sup>(81, 82)</sup> < FĪLĪCĀRĪŌLA ← FĪLĪCĀRĪĀ ← FĪLĪX, -ĪCIS (Moralejo Lasso 1977: 309; Navaza 2006: 260-266).



**Fonteiroa** <sup>(83)</sup> < FÖNTÄNÄRIÖLA ← FÖNTÄNÄRIA ← FÖNTÄNÄ ← FÖNTE (Moralejo Lasso 1977: 94).

**Gandaroa** <sup>(84)</sup> < \*GANDARÖLA ← prelat. \*GANDA (Martínez Lema 2010: 198-200).

**Ichoa** <sup>(99)</sup> < \*USTIÖLA ← lat. tard. USTIUM ← lat. clás. ŌSTĪUM (Palacio 1981: 620).

**Illoá** <sup>(100)</sup> < \*ÖCÜLĪÖLA ← ÖCÜLU (Ares 2013: 774, 775).

**Laroá** <sup>(105-107)</sup> < LARAGIÖLA ← top. LARAGIA? (Diéguez 2002: 20).

**Loñoá** <sup>(108, 109)</sup> ← hidro. *Loña* < \*LAUDONIA (Moralejo Álvarez 2011: 261).

**Marzoa** <sup>(110, 111)</sup> < (VILLA) \*MARTIÖLA / \*MARCIOÖLA (Moralejo Álvarez 2009: 198).

**Montaño** <sup>(112)</sup> ← top. *Montaña* (Lampón, Boiro, A Coruña) < \*MONTANEA ← MONTE.

**Moraño** <sup>(113)</sup> ← top. *Moraña* (Moraña, Pontevedra) [+ -ÖLA] ← prelat. \*MOR- / \*MUR (Martínez Lema 2010: 327).

**Negreiroa** <sup>(114)</sup> ← top. *Negreira* (Negreira, A Coruña) [+ -ÖLA] < \*NĪGRÄRIA ← NĪGER (Cabeza Quiles 2008: 88).

**Nogueiroa** <sup>(125)</sup> / **Nigueiroá** <sup>(115-119)</sup> / **Nogueiró** <sup>(120-122)</sup> < \*NŪCÄRIÖLA ← (ARBÖRE) NŪCÄRIA ← NŪCE (Navaza 2006: 371-375).

**Nogueiró** <sup>(122, 123)</sup> ← top. *Nogueira* (San Tomé de Nogueira, Meis, Pontevedra) < (ARBÖRE) NŪCÄRIA ← NŪCE.

**Olveiroa** <sup>(126, 127)</sup> ← top. *Olveira* (Dumbría, A Coruña) < ÖLIVÄRIA ← ÖLIVA ou \*ÜLVÄRIA ← ÜLVA (Martínez Lema 2010: 250-262).

**Pereiroa** <sup>(131)</sup> / **Pereiroá** <sup>(131)</sup> / **Pereirúa** <sup>(133)</sup> / **Pereiró** <sup>(128, 129)</sup> < \*PĪRÄRIÖLA ← (ARBÖRE) PĪRÄRIA ← PĪRA (Navaza 2006: 402-409).

**Pereiroás** <sup>(132)</sup> < \*PĚTRÄRIÖLAS ← PĚTRÄRIA ← PĚTRA (Palacio 1981: 87).

**Piñeiroá** <sup>(134, 135)</sup> < \*PĪNÄRIÖLA ← PĪNÄRIA ← PĪNU (Navaza 2006: 416, 417).

**Rañoa** <sup>(137-142)</sup> / **Rañoá** <sup>(143-146)</sup> / **Raño** <sup>(136)</sup> < \*ARANĚÖLA? ← \*ARANĚA? (< *raña*) (DCECH, s.v. *raña*; Palacio 1981: 479; Piel 1945: 331)

**Riazoas** <sup>(147)</sup> < \*RIVACEÖLAS ← RIVUS (Bascuas 2002: 153).

**Ribeiroa** <sup>(149)</sup> ← top. *A Ribeira* (Barallobre, Fene, A Coruña) < RĪPÄRIA ← RĪPA (Piel 1945: 338).

**Salgueiroas** <sup>(151)</sup> / **Salgueiró** <sup>(150)</sup> < \*SALĪCÄRIÖLA(S) ← SALĪCÄRIA (Navaza 2006: 490, 491).

**Tixoa** <sup>(154)</sup> < hidro. *Toxa* < \*TŪGIA (Bascuas 2005: 103).

**Ulloa** <sup>(54)</sup> < hidro. *Ulla* < ULIA ← ¿prelat. \*UR- 'río'? / ¿prelat. \*WEL 'facer xirar'? (Bascuas 2002: 142; Rivas 1994: 66, 67).



*Urroa* <sup>(159)</sup> < \*URRIŌLA ← prelat. \*ORR- ‘val’ (Bascuas 2002: 127).

*Viñoa* <sup>(162, 163)</sup> / *Viñoá(s)* <sup>(164-166)</sup> / *Aviñoá* <sup>(13)</sup> / *Viñó* <sup>(160, 161)</sup> < \*VĪNĒŌLA ← VINĒA (Navaza 2006: 561).

*Xunqueiroá* <sup>(167)</sup> ← top. *Xunqueira* (Xunqueira de Ambía, Ourense) < \*IŪNCĀRĪA ← IŪNCU (Navaza, 2006: 571).

## ANEXO 2: Relación alfabética dos topónimos estudados

1. *Abeleiroas, As* (lug.), Corzón, Mazaricos, A Coruña
2. *Abelleiroá* (lug.), Castro de Rei de Lemos, Paradela, Lugo
3. *Airoa, A* (lug.), A Laxe, Fornelos de Montes, Pontevedra
4. *Airoa, A* (lug.), Ambroa, Irixoa, A Coruña
5. *Airoa de Arriba, A* (lug.), Mántaras, Irixoa, A Coruña
6. *Airoa do Rei, A* (lug.), Mántaras, Irixoa, A Coruña
7. *Airoá* (lug.), Cereixedo, Cervantes, Lugo
8. *Airoá* (lug.), Erbedeiro, Carballedo, Lugo
9. *Airoá* (lug.), O Vicedo, O Vicedo, Lugo
10. *Airoá, A* (lug.), Pesqueiras, Chantada, Lugo
11. *Airoá, A* (lug.), San Vicente de Castellón, Pantón, Lugo
12. *Airoá de Beacán, A* (lug.), A Peroxa, Beacán, Ourense
13. *Aviñoá* (lug.), Proente, A Merca, Ourense
14. *Basadroa* (lug.), Eidián, Agolada, Pontevedra
15. *Bouzoa* (lug.), Bouzoa, Taboada, Lugo
16. *Bouzoa* (lug.), Grandal, Vilarmaior, A Coruña
17. *Bouzoa* (lug.), Vilacova, Abegondo, A Coruña
18. *Bouzoa* (parr.), Taboada, Lugo
19. *Bouzoá* (lug.), Silva, Pol, Lugo
20. *Cabreiroá* (lug.), Cabreiroá, Verín, Ourense
21. *Cabreiroá* (parr.), Verín, Ourense
22. *Carballoa, A* (lug.), Barbeito, Vilasantar, A Coruña
23. *Carreiroa* (lug.), Lanzós, Vilalba, Lugo
24. *Carreiroá* (lug.), Maside, Sarria, Lugo
25. *Carreiroás* (lug.), Cortapezas, Portomarín, Lugo
26. *Castiñeiroa* (lug.), Maceda, Melide, A Coruña
27. *Cerdeiroa* (lug.), Nieva, Avión, Ourense
28. *Coiroa* (lug.), A Regueira, Oza dos Ríos, A Coruña
29. *Eirexúa* (lug.), Xudán, A Pontenova, Lugo
30. *Eiró, Campo de* (lug.), Pereiras, Mos, Pontevedra
31. *Eiroa* (lug.), Barro, Noia, A Coruña
32. *Eiroa, A* (lug.), Niñóns, Ponteceso, A Coruña
33. *Eiroa, A* (lug.), Sestaio, Muros, A Coruña
34. *Eiroas, As* (lug.), O Freixo, As Pontes de García Rodríguez, A Coruña
35. *Eiroás* (lug.), Cudeiro, Ourense, Ourense
36. *Eirós* (lug.), Mourente, Pontevedra, Pontevedra
37. *Embernallúas* (lug.), Muñís, Navia de Suarna, Lugo



38. *Ferreiroa* (lug.), Ferreiroa, Agolada, Pontevedra
39. *Ferreiroa* (lug.), Lanzós, Vilalba, Lugo
40. *Ferreiroa* (parr.), Agolada, Pontevedra
41. *Ferreiroa, A* (lug.), Alba, Vilalba, Lugo
42. *Ferreiroa, A* (lug.), Belesar, Vilalba, Lugo
43. *Ferreiroas* (lug.), Os Freires, Ortigueira, A Coruña
44. *Ferreiroá* (lug.), Eiré, Pantón, Lugo
45. *Ferreiroá* (lug.), Portomarín, Portomarín, Lugo
46. *Ferreirúa* (parr.), A Pobra do Brollón, Lugo
47. *Ferreirúa de Abaixo, A* (lug.), Ferreirúa, A Pobra do Brollón, Lugo
48. *Ferreirúa, A* (lug.), Viñoás, Nogueira de Ramuín, Ourense
49. *Ferreirúas, As* (lug.), Cabanela, Navia de Suarna, Lugo
50. *Figueiró* (lug.), Vincios, Gondomar, Pontevedra
51. *Figueiró* (parr.), Tomiño, Pontevedra
52. *Figueiroa* (lug.), A Agualada, Coristanco, A Coruña
53. *Figueiroa* (lug.), A Pedra, Cariño, A Coruña
54. *Figueiroa* (lug.), Arteixo, Arteixo, A Coruña
55. *Figueiroa* (lug.), Buxantes, Dumbría, A Coruña
56. *Figueiroa* (lug.), Cameixa, Boborás, Ourense
57. *Figueiroa* (lug.), Castrofeito, O Pino, A Coruña
58. *Figueiroa* (lug.), Cores, Ponteceso, A Coruña
59. *Figueiroa* (lug.), Dumbría, Dumbría, A Coruña
60. *Figueiroa* (lug.), Ermedelo, Rois, A Coruña
61. *Figueiroa* (lug.), Figueiroa, Cerdedo, Pontevedra
62. *Figueiroa* (lug.), Galdo, Viveiro, Lugo
63. *Figueiroa* (lug.), Las, San Amaro, Ourense
64. *Figueiroa* (lug.), Maceira, Covelo, Pontevedra
65. *Figueiroa* (lug.), Morquintián, Muxía, A Coruña
66. *Figueiroa* (lug.), O Freixo de Sabardes, Outes, A Coruña
67. *Figueiroa* (lug.), Sísamo, Carballo, A Coruña
68. *Figueiroa* (lug.), Tállara, Lousame, A Coruña
69. *Figueiroa* (lug.), Torea, Muros, A Coruña
70. *Figueiroa* (lug.), Vilela, Punxín, Ourense
71. *Figueiroa* (parr.), Arzúa, A Coruña
72. *Figueiroa* (parr.), Cerdedo, Pontevedra
73. *Figueiroa de Abaixo* (lug.), A Estrada, A Estrada, Pontevedra
74. *Figueiroa de Arriba* (lug.), A Estrada, A Estrada, Pontevedra
75. *Figueiroá* (parr.), Paderne de Allariz, Ourense
76. *Figueiroá* (parr.), Sober, Lugo
77. *Figueirós* (lug.), Beade, Vigo, Pontevedra
78. *Figueirúa* (lug.), Conforto, A Pontenova, Lugo
79. *Filgueiroa* (lug.), Donramiro, Lalín, Pontevedra
80. *Folgueiroa* (lug.), Dorna, Cervantes, Lugo
81. *Folgueirúa* (lug.), A Órrea, Riotorto, Lugo
82. *Folgueirúa* (lug.), Xudán, A Pontenova, Lugo
83. *Fonteiroa* (lug.), Santa Cecilia de Trasancos, Ferrol, A Coruña
84. *Gandaroa, A* (lug.), A Viña, Irixoa, A Coruña



85. *Grixó* (lug.), Alxén, Salvaterra de Miño, Pontevedra
86. *Grixó* (lug.), Grixó, Ramirás, Ourense
87. *Grixó* (lug.), Lamas, Moraña, Pontevedra
88. *Grixó* (lug.), San Pedro da Torre, Padrenda, Ourense
89. *Grixó* (parr.), Ramirás, Ourense
90. *Grixoa* (lug.), Berdoias, Vimianzo, A Coruña
91. *Grixoa* (lug.), Grixoa, Santa Comba, A Coruña
92. *Grixoa* (lug.), Grixoa, Viana do Bolo, Ourense
93. *Grixoa* (parr.), San Amaro, Ourense
94. *Grixoa* (parr.), Santa Comba, A Coruña
95. *Grixoa* (parr.), Santiago de Compostela, A Coruña
96. *Grixoa* (parr.), Viana do Bolo, Ourense
97. *Grixoa de Esternande* (parr.), Santa Comba, A Coruña
98. *Grixoá, A* (lug.), Chouzán, Carballedo, Lugo
99. *Ichoa, A* (lug.), Ladra, Vilalba, Lugo
100. *Illoá* (lug.), Valboa, Monterroso, Lugo
101. *Irixoa* (conc.), A Coruña
102. *Irixoa* (parr.), Irixoa, A Coruña
103. *Irixoa* (parr.), Muras, Lugo
104. *Irixoa, O Pazo de* (lug.), Irixoa, Irixoa, A Coruña
105. *Laroá* (lug.), Laroá, Xinzo de Limia, Ourense
106. *Laroá* (parr.), Xinzo de Limia, Ourense
107. *Laroá, San Pedro de* (parr.), Xinzo de Limia, Ourense
108. *Loñoá do Camiño, O* (lug.), Covas, Pereiro de Aguiar, Ourense
109. *Loñoá Grande* (lug.), Covas, Pereiro de Aguiar, Ourense
110. *Marzoa* (parr.), Oroso, A Coruña
111. *Marzoa, A Ponte da* (lug.), Marzoa, Oroso, A Coruña
112. *Montañó* (lug.), Lampón, Boiro, A Coruña
113. *Morañó* (lug.), O Campo, Campo Lameiro, Pontevedra
114. *Negreiroa* (lug.), Negreira, Negreira, A Coruña
115. *Nigueiroá* (lug.), Guillamil, Rairiz de Veiga, Ourense
116. *Nigueiroá* (lug.), Parderrubias, A Merca, Ourense
117. *Nigueiroá* (lug.), San Miguel do Campo, Nogueira de Ramuín, Ourense
118. *Nigueiroá* (lug.), Vereá, Vereá, Ourense
119. *Nigueiroá* (parr.), Bande, Ourense
120. *Nogueiró* (lug.), A Cañiza, A Cañiza, Pontevedra
121. *Nogueiró* (lug.), Meder, Salvaterra de Miño, Pontevedra
122. *Nogueiró* (lug.), O Mundil, Cartelle, Ourense
123. *Nogueiró de Abaixo* (lug.), San Tomé de Nogueira, Meis, Pontevedra
124. *Nogueiró de Arriba* (lug.), San Tomé de Nogueira, Meis, Pontevedra
125. *Nogueiroa* (lug.), Parada de Labiote, O Irixo, Ourense
126. *Olveiroa* (lug.), Olveiroa, Dumbría, A Coruña
127. *Olveiroa* (parr.), Dumbría, A Coruña
128. *Pereiró* (lug.), Castrelos, Vigo, Pontevedra
129. *Pereiró* (lug.), Matamá, Vigo, Pontevedra
130. *Pereiroa* (lug.), Damil, Begonte, Lugo
131. *Pereiroá* (lug.), Bolaño, Castroverde, Lugo





132. *Pereiroás* (lug.), Santo Estevo do Mato, Pantón, Lugo
133. *Pereirúa, A* (lug.), Freixo, A Fonsagrada, Lugo
134. *Piñeiroá* (lug.), Camba, Castro Caldelas, Ourense
135. *Piñeiroá* (lug.), Cedrón, Láncara, Lugo
136. *Rañó, A* (lug.), Guillade, Pontearreas, Pontevedra
137. *Rañoa* (lug.), Vilamor, Toques, A Coruña
138. *Rañoa, A* (lug.), A Barqueira, Cerdido, A Coruña
139. *Rañoa, A* (lug.), Bascoi, Mesía, A Coruña
140. *Rañoa, A* (lug.), Cambre, Cambre, A Coruña
141. *Rañoa, A* (lug.), Loira, Valdoviño, A Coruña
142. *Rañoa, A* (lug.), Sillobre, Fene, A Coruña
143. *Rañoá, A* (lug.), Barbadelo, Sarria, Lugo
144. *Rañoá, A* (lug.), Cela, O Corgo, Lugo
145. *Rañoá, A* (lug.), Ordes, Rairiz de Veiga, Ourense
146. *Rañoá, A* (lug.), Vilar, Sarria, Lugo
147. *Riazoas* (lug.), Brión, Brión, A Coruña
148. *Ribeiroa* (lug.), Sistallo, Cospeito, Lugo
149. *Ribeiroa, A* (lug.), Barallobre, Fene, A Coruña
150. *Salgueiró* (lug.), Camposancos, A Guarda, Pontevedra
151. *Salgueiroas* (lug.), Cabaleiros, Tordoia, A Coruña
152. *Salgueiroas* (lug.), Ser, Santa Comba, A Coruña
153. *Tixoa* (lug.), Refoxos, Silleda, Pontevedra
154. *Ulloa* (lug.), Curbián, Palas de Rei, Lugo
155. *Ulloa* (lug.), San Breixo, Palas de Rei, Lugo
156. *Ulloa* (parr.), Palas de Rei, Lugo
157. *Ulloa, A* (lug.), Oroso, Oroso, A Coruña
158. *Ulloa, Vilar de* (lug.), Meixide, Palas de Rei, Lugo
159. *Urroa* (lug.), Vimianzo, Vimianzo, A Coruña
160. *Viñó* (lug.), Coruxo, Vigo, Pontevedra
161. *Viñó* (lug.), Morgadáns, Gondomar, Pontevedra
162. *Viñoa* (lug.), Banga, O Carballiño, Ourense
163. *Viñoa* (lug.), Soutolongo, Lalín, Pontevedra
164. *Viñoá, A* (lug.), Cudeiro, Ourense, Ourense
165. *Viñoás* (lug.), Viñoás, Nogueira de Ramuín, Ourense
166. *Viñoás* (parr.), Nogueira de Ramuín, Ourense
167. *Xunqueiroá* (lug.), Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Ambía, Ourense

*Recebido em 30/09/2017*  
*Aprovado em 25/11/2017*